

**ACTA DE SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DE CONSTITUCIÓN DA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CAMBADOS E ELECCIÓN DE ALCALDE OU  
ALCALDESA DO DÍA 13 DE XUÑO DE 2015.**

**ASISTENTES:**

- Abal Roma, Fátima
- Abal Varela, José Ramón
- Aragunde Aragunde, Luis
- Brea Troncoso, Mónica
- Caamaño Rivas, Vícofr Manuel
- Cacabelos Domínguez, María Josefa
- Charlín Trigo, Xurxo
- Cordal Rodríguez, Constantino
- Cores Chaves, José Juan
- Gómez Blanco, Juan Ramiro
- Iglesias Pombo, Antonio Joaquín
- Martínez Piñeiro, Milagros
- Pérez Osorio, Miguel
- Prado Cores, María Teresa
- Pomares Botana, Eulogio
- Serantes González, Luis Alberto
- Varela Piñeiro, María Isabel

**SECRETARIO:** Alberto Fuentes Losada

**INTERVENTORA:** María del Carmen Vidal Pérez

Na localidade de Cambados, e sendo as doce horas e cinco minutos do día 13 de xuño de 2015, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e o artigo 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e ao efecto de proceder a celebrar a consittución do novo Concello de Cambados, á vista dos resultados das Eleccións Municipais celebradas o día 24 de maio deo mesmo ano, para a renovación da totalidade dos membros das Corporacións Locais, reúnense os Sres. Concelleiros electos.

O obxecto da presente sesión é proceder á constitución do novo concello e a orde do día da sesión ven determinada polo disposto nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral xeral. Así en primeiro lugar, o procedemento de constitución do Concello implica, os seguintes trámites:


**1.- Constitución da mesa de idade e asistencia do Secretario da Corporación (artigo 195.2)**

**2.- Comprobacións previas á constitución do Concello:**

a) Posta a disposición da documentación económica e do Inventario de bens por parte de intervención e secretaría.

b) Acreditación de concelleiros electos mediante a súa credencial. (artigo 195.3)

c) Previas declaracións de Rexistros de intereses e causas de incompatibilidade (artigo 75.7)



da Lei 7/1985)

d) Existencia de quórum necesario (maioría absoluta) (artigo 195.4)

3.- Acto de xuramento ou promesa.

4.- Elección de alcalde ou alcaldesa.

## 1.- CONSTITUCIÓN MESA DE IDADE

A mesa de idade entregada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, sendo o presidente da mesma o concelleiro de maior idade, e o secretario será o que o sexa da Corporación.

Así, o secretario que asina a presente acta, convida a subir ao estrado aos efectos de acreditar a súa personalidade e formar a Mesa de idade, aos señores concelleiros D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, que ocupará a presidencia, e D. Luis Alberto Serantes González.

## 2.- COMPROBACIÓNS PREVIAS Á CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN

a) Posta a disposición da documentación económica e do Inventario de bens por parte de Intervención e Secretaría.

Declárase aberta a sesión para a consitución do Concello engadindo que están a disposición dos señores concelleiros os xustificantes das existencias en metálico e bancarias propios da corporación, así como a documentación relativa ao Inventario de bens,

b) Acreditación dos concelleiros electos mediante a súa credencial.

O secretario procede a chamar de forma individualizada a cada un dos concelleiros electos, co fin de que suban un a un ao estrado e acrediten a súa personalidade mediante a exhibición do D.N.I. ante a Mesa de idade, que efectuará a súa comprobación mediante as certificacións que enviou a Xunta Electoral de Zona.


Compróbase:

- Abal Roma, Fátima
- Abal Varela, José Ramón
- Aragunde Aragunde, Luis
- Brea Troncoso, Mónica
- Caamaño Rivas, Vícotr Manuel
- Cacabelos Domínguez, María Josefa
- Charlín Trigo, Xurxo
- Cordal Rodríguez, Constantino
- Cores Chaves, José Juan
- Gómez Blanco, Juan Ramiro
- Martínez Piñeiro, Milagros
- Pérez Osorio, Miguel

Prado Cores, María Teresa

Pomares Botana, Eulogio

Varela Piñeiro, María Isabel



c) Previas declaracións nos Rexistros de intereses.

Comprobación por parte do Presidente da Mesa da seguinte documentación:

- Declaración de bens e actividades.
- Liquidacións dos impostos da renda, patrimonio e sociedades.
- Pregunta o Sr. presidente se teñen algunha causa de incompatibilidade sobrevida con posterioridade á súa declaración como candidato.

d) Existencia de quórum necesario.

Compróbase que coa asistencia dos dezasete concelleiros electos, existe maioría absoluta.

### **3.- ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA Á CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA**

O secretario le o artigo 108.8 da Lei 5/1985: "os candidatos electos deben prometer ou xurar acatamento á Constitución Española de 1978, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas leis e regulamentos."

O xuramento ou promesa realízase utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril:

JURO (O PROMETO) POR MI CONCIENCIA Y HONOR, CUMPLIR FIELMENTE LAS OBLIGACIONES DEL CARGO DE CONCEJAL DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBADOS, CON LEALTAD AL REY, Y GUARDAR Y HACER GUARDAR LA CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DEL ESTADO.

XURO (OU PROMETO) POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPLIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELEIRO DO CONCELLO DE CAMBADOS, CON LEALDADE Ó REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.

Despois do xuramento ou promesa declárase constituído o Concello de Cambados, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, tralas eleccións municipais do 24 de maio de 2015.


### **4.- ELECCIÓN DE ALCALDE/ALCALDESA**

O secretario le o artigo 196 da LOREG: "En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

a. Pueden ser candidatos todos los concejales que encabezen sus correspondientes listas.

b. Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los concejales es proclamado electo.

c. Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el concejal que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo."



Así, os trámites para proceder á elección do Alcalde da corporación son os seguintes:

- Proclamación de candidatos á Alcaldía.
- Elección do sistema de votación.
- Toma de posesión.

O presidente da mesa de idade continúa coa tramitación:

#### 4.1.- Proclamación de candidatos a alcalde.

Pregúntase ós/ás concelleiros/as que encabezan as listas se son candidatos á alcalde/alcaldesa.

Os posibles son:

- José Ramón Abal Varela
- Constantino Cordal Rodríguez
- Víctor Manuel Caamaño Rivas
- Fátima Abal Roma
- Luis Aragunde Aragunde

Dos cinco posibles, optan á Alcaldía D<sup>a</sup> Fátima Abal Roma e D. Luis Aragunde Aragunde.

#### 4.2.- Sistema de votación.

Existen tres tipos de sistemas de votación segundo o artigo 101 do ROF: ordinario, secreto e nominal.

O sistema de votación será o ordinario a man alzada.

Procédese á votación e dase o seguinte resultado:


- D<sup>a</sup> Fátima Abal Roma: 9 votos
- D. Luis Aragunde Aragunde: 8 votos

Ás doce horas e trinta e cinco minutos, á vista do resultado da votación, con 9 votos a favor, proclámase alcaldesa da corporación a D<sup>a</sup> Fátima Abal Roma.

#### 4.3.- Toma de posesión.

O secretario intervén para sinalar que, de conformidade co artigo 18 do TRRL e artigo 40.2 ROF: "QUEN RESULTE PROCLAMADO ALCALDE TOMARÁ POSESIÓN ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN, DE ACORDO COA FORMA XERAL ESTABLECIDA PARA A POSESIÓN DOS CARGOS PÚBLICOS".

A continuación, o Alcalde electo procede a pronunciar a fórmula de acatamento á Constitución:



JURO (O PROMETO) POR MI CONCIENCIA Y HONOR, CUMPLIR FIELMENTE LAS OBLIGACIONES DEL CARGO DE ALCALDE DEL AYUNTAMIENTO DE CAMBADOS, CON LEALTAD AL REY, Y GUARDAR Y HACER GUARDAR LA CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DEL ESTADO.

XURO (OU PROMETO) POLA MIÑA CONCIENCIA E HONRA, CUMPLIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE ALCALDE DO CONCELLO DE CAMBADOS, CON LEALDADE Ó REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO.

Acto seguido, o presidente da mesa de idade, faille entrega dos atributos do seu cargo pasando a ocupar a presidencia da Sala, disolvéndose a Mesa de idade, polo que os seus membros se dirixen aos seus escanos.

A proclamada alcaldesa, D<sup>a</sup> Fátima Abal Roma pronuncia unhas palabras de agradecemento e de avance do que vai ser a lexislatura 2015-2019.

E sendo ás doce horas e corenta minutos, levántase a Sesión.


De todo canto como secretario certifico, de orde e co visto e prace da Sra. alcaldesa, coas reservas do art. 206 do ROF, debendo remitirse copias en cumprimento do art. 56 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

A alcaldesa



Fátima Abal Roma

O secretario



Alberto Fuentes Losada